

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV01	Carrozaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0255	Elementos metálicos e sintéticos	2023/2024	9	267	267
MP0255_12	Elementos metálicos	2023/2024	9	157	157
MP0255_22	Elementos sintéticos	2023/2024	9	110	110

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EDUARDO LÓPEZ CORRAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Dito módulo profesional así como dito ciclo formativo de grao medio de carrozaría ríxese polo decreto 59/2010 do 18 de marzo o cal establece o título de dito ciclo formativo correspondente ó título de técnico en carrozaría.

Competencia xeral.

A competencia xeral deste título consiste na realización das operacións de reparación, montaxe de accesorios e transformacións do vehículo na área de carrozaría, bastidor, cabina e equipamentos ou apeiros, axustándose a procedementos e tempos establecidos, e cumprindo as especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

Competencias profesionais, persoais e sociais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

- a) Identificar os procesos de reparación interpretando información técnica incluída en manuais e catálogos segundo o bo facer profesional.
- b) Buscar e diagnosticar deformacións nas estruturas dos vehículos, seguindo os procedementos establecidos e o bo facer profesional.
- c) Substituír e axustar elementos que forman parte da carrozaría do vehículo, montados mediante unións desmontables.
- d) Reparar elementos metálicos e sintéticos da carrozaría empregando as técnicas e os procedementos establecidos.
- e) Substituír e axustar elementos ou partes de elementos da carrozaría mediante unións fixas aplicando as técnicas apropiadas.
- f) Preparar, protexer e embelecer superficies do vehículo aplicando procedementos definidos.
- g) Reparar deformacións de elementos fixos estruturais da carrozaría manexando os equipamentos requiridos e aplicando as técnicas adecuadas.
- h) Verificar os resultados das intervencións mediante a comparación cos estándares de calidade establecidos en fábrica.
- i) Realizar o mantemento de primeiro nivel na maquinaria e nos equipamentos, de acordo coa ficha de mantemento e coa periodicidade establecida.
- j) Aplicar os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais de acordo co establecido na normativa.
- k) Cumprir os obxectivos da empresa colaborando co equipo de traballo e actuando baixo os principios de responsabilidade e tolerancia.
- l) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos dentro do ámbito da súa competencia.
- m) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- n) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións de traballo, conforme o previsto na lexislación.
- o) Xestionar a súa carreira, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- p) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación de produción e comercialización.
- q) Participar na vida económica, social e cultural con actitude crítica e responsabilidade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Análise de danos en elementos metálicos.	Características dos materiais metálicos utilizados en carrozaría. Lei de prevención de riscos laborais e impacto ambiental nos procesos de traballo. Análise de danos en elementos metálicos, técnicas e procedementos de diagnóstico, tipos e niveis de reparación.	40	16
2	Reparación de elementos de aceiro.	Conformación de elementos metálicos con acceso, previa preparación do material, ferramentas e equipos. Aplicando os métodos de reparación e as técnicas de verificación. Conformación de elementos metálicos de difícil acceso, previa preparación do material, ferramentas e equipos. Aplicando os métodos de reparación e as técnicas de verificación. Conformación de elementos metálicos sin acceso, previa preparación do material, ferramentas e equipos. Aplicando os métodos de reparación e as técnicas de verificación. Acabados con estaño-cinz.	90	17
3	Reparación de elementos de aluminio.	Conformación de paneis de aluminio, previa preparación do material, ferramentas e equipos específicos na reparación de carrozarías de aluminio. Aplicando os métodos de reparación e as técnicas de verificación.	27	17
4	Análise de danos en elementos sintéticos.	Identificación dos tipos de materiais plásticos mais empregados nos vehículos, propiedades e produtos empregados na reparación. Análise de danos en elementos sintéticos, técnicas e procedementos de diagnóstico, tipos e niveis de reparación.	40	25
5	Reparación de elementos sintéticos.	Reparación de elementos de materiais termoplásticos, devolvéndolles a forma e as dimensións orixinais. Reparación de elementos de materiais plásticos compostos, devolvéndolles a forma e as dimensións orixinais.	70	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Análise de danos en elementos metálicos.	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Diagnostica deformacións en elementos metálicos, para o que selecciona as técnicas e os procedementos de reparación.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características e a composición do material metálico para reparar (aceiros, aluminios, etc.).
CA1.2 Explicáronse as características e o uso de ferramentas e equipamentos empregados na conformación da chapa.
CA1.3 Seleccionáronse os equipamentos necesarios para determinar o nivel e o tipo de dano da deformación.
CA1.4 Identifícase a deformación aplicando técnicas de diagnóstico (visual, ao tacto, lixadura, peite de siluetas, etc.).
CA1.5 Clasifícase o dano en función do seu grao e da súa extensión (leve, medio ou forte) e en función da súa localización (de acceso doado ou difícil, ou sen acceso).
CA1.6 Determináronse as pezas para substituír ou para reparar, en función do dano.
CA1.7 Verifícase que o diagnóstico cote a deformación formulada.

4.1.e) Contidos

Contidos
Identificación do material metálico e as súas características.
Ferramentas e equipamentos empregados na conformación da chapa.
Técnicas de diagnóstico: visual, táctil, lixadura, peite de formas, etc.
Clasificación do dano en función da súa extensión e da súa localización.
Operacións de conformación de elementos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Reparación de elementos de aceiro.	90

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Repara elementos de aceiro para devolver as formas e as cotas orixinais, aplicando as técnicas e os procedementos axeitados.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionáronse os materiais, os equipamentos e os medios necesarios en función da deformación.
CA2.2 Diagnosticouse o nivel e o tipo de deformación.
CA2.3 Determinouse o método de reparación en función do tipo de dano.
CA2.4 Reparáronse deformacións mediante elementos de batido específicos para aceiro.
CA2.5 Recolleuse o exceso de material mediante aplicación de calor e batido.
CA2.6 Reparáronse elementos metálicos de difícil acceso mediante martelo de inercia e ventosas.
CA2.7 Efectuouse a reparación de elementos sen acceso mediante a apertura dunha ventá e a utilización do martelo de inercia.
CA2.8 Reparouse a deformación mediante varas, logo de elixir a apropiada ao tipo de deformación.
CA2.9 Verificouse que o elemento recuperara as formas e as dimensións orixinais.
CA2.10 Aplicáronse normas de seguridade, de saúde laboral e de impacto ambiental no proceso de traballo.

4.2.e) Contidos

Contidos
Técnicas de preparación previas á conformación de elementos.
Métodos de reparación en función do tipo e localización do dano.
Conformación do aceiro mediante operacións de batido.
Técnicas de recollemento de chapa mediante aplicación de calor.
Técnicas de desaboladura (de acceso doado ou difícil, e sen acceso).
Técnicas de verificación de conformación de elementos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Reparación de elementos de aluminio.	27

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Repara elementos de aluminio para devolver as formas e as cotas orixinais, aplicando as técnicas e os procedementos axeitados.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionáronse os materiais, os equipamentos e os medios necesarios en función da deformación.
CA3.2 Diagnosticouse o nivel e o tipo de deformación.
CA3.3 Determinouse o método de reparación en función do tipo de dano.
CA3.4 Conformáronse deformacións mediante elementos de batido para aluminio, logo de efectuar a temperaxe da superficie.
CA3.5 Conformáronse abolladuras en elementos de aluminio, logo de temperar a superficie, utilizando gonzos e espárragos, soldadura con atmosfera de argon e por descarga do condensador.
CA3.6 Reparouse a deformación utilizando ventosa e martelo de inercia, logo de temperar a superficie.
CA3.7 Temperouse a superficie utilizando identificadores térmicos.
CA3.8 Corrixíronse as deformacións en superficies de aluminio polo método de sistemas de varas, logo de elixir a vara acaída para este tipo de deformación.
CA3.9 Verificouse que as operacións realizadas devolvan as formas e as dimensións orixinais.
CA3.10 Aplicáronse normas de seguridade, saúde laboral e impacto ambiental no proceso de traballo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Normas para ter en conta na reparación de paneis de aluminio.
Tratamento mecánico e tratamentos térmicos empregados.
Métodos de reparación en superficies de aluminio.
Procesos de reparación.
Temperaxe nos traballos de aluminio.
Procedemento de recollemento de chapa.
Ferramentas e equipamentos específicos para reparar carrozarías de aluminio.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Análise de danos en elementos sintéticos.	40

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Diagnostica deformacións en elementos sintéticos, e selecciona as técnicas e os procedementos de reparación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as características, a composición, os tipos e a natureza dos plásticos máis utilizados no automóbil.
CA1.2 Identifícaronse as propiedades dos materiais plásticos e compostos.
CA1.3 Identifícaronse mediante ensaios os tipos de materiais plásticos.
CA1.4 Identifícaronse os materiais plásticos que compoñen un elemento utilizando a simboloxía gravada e microfichas.
CA1.5 Identifícase o tipo de dano aplicando técnicas de diagnóstico (visual, ao tacto, lixadura, peite de siluetas, etc.).
CA1.6 Determináronse as pezas para substituír ou para reparar, en función do dano.
CA1.7 Verifícase que o diagnóstico cote a deformación.

4.4.e) Contidos

Contidos
Propiedades e utilización dos materiais plásticos e compostos no automóbil.
Métodos de obtención de materias plásticas.
Elastómeros.
Materiais compostos: fibra de carbono, fibra cerámica, etc.
Procesos de obtención de pezas de materiais termoplásticos e termoestables.
Técnicas e procedementos empregados para a identificación dos materiais sintéticos.
Técnicas empregadas no diagnóstico de danos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Reparación de elementos sintéticos.	70

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Repara elementos de materiais plásticos e compostos, devolvéndolles a forma e as dimensións orixinais.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as características e a composición do elemento plástico ou composto que cumpra reparar.
CA2.2 Seleccionáronse os equipamentos, os medios e os materiais necesarios para efectuar a reparación.
CA2.3 Interpretouse a documentación técnica e a súa simboloxía asociada para determinar o método de reparación do elemento.
CA2.4 Determinouse o nivel do dano do elemento.
CA2.5 Reparáronse deformacións sen rotura en materiais termoplásticos con achega de calor.
CA2.6 Reparouse un elemento termoplástico mediante soldadura con achega de calor.
CA2.7 Reparáronse materiais termoplásticos mediante soldadura química.
CA2.8 Reparouse un elemento de material termoplástico por pegado estrutural.
CA2.9 Realizouse a reparación de elementos de fibra mediante resina, catalizador e manta, ata lograr as dimensións da peza.
CA2.10 Aplicáronse as normas de seguridade laboral e de impacto ambiental.

4.5.e) Contidos

Contidos
Identificación do material sintético: microfichas, ensaios, simboloxía normalizada, etc.
Características das ferramentas e os equipamentos que se empregan na reparación de materiais sintéticos.
Procesos de reparación en materiais sintéticos.
Reparación de plásticos por conformación.
Reparación de termoplásticos por soldadura con achega de calor, por soldadura química e por pegado estrutural.
Materiais e produtos utilizados na reparación de materiais sintéticos.
Confección de patróns e soportes para a reparación.
Normas de seguridade inherentes aos procesos de reparación de materiais sintéticos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS ESIXIBLES

O alumno/a deberá cumprir cos mínimos de cada unidade didáctica.

Os mínimos exigibles de cada criterio de avaliación estarán especificados de un xeito claro dependendo do instrumento de avaliación utilizado como segue a continuación:

- Nas probas escritas para acadar os mínimos exigibles o alumno deberá acadar unha puntuación de 5 ou superior.
- Nas táboas de observación os mínimos exigibles estarán especificados de xeito claro nas rúbricas usadas para a avaliación de cada actividade, e puntuarán un total de 5 puntos de 10 da rúbrica.

Os criterios considerados mínimos exigibles son os seguintes:

-CA1.1. Identifícanse as características e a composición do material metálico para reparar (aceiros, aluminios, etc.).

-CA1.2. Explicáronse as características e o uso de ferramentas e equipamentos empregados na conformación da chapa.

-CA1.3. Selecciónáronse os equipamentos necesarios para determinar o nivel e o tipo de dano da deformación.

-CA1.4. Identificouse a deformación aplicando técnicas de diagnóstico (visual, ao tacto, lixadura, peite de siluetas, etc.).

-CA1.5. Clasificouse o dano en función do seu grao e da súa extensión (leve, medio ou forte) e en función da súa localización (de acceso doado ou difícil, ou sen acceso).

-CA1.7. Verificouse que o diagnóstico cote a deformación formulada.

*RA2. Repara elementos de aceiro para devolver as formas e as cotas orixinais, aplicando as técnicas e os procedementos axeitados.

-CA2.1. Selecciónáronse os materiais, os equipamentos e os medios necesarios en función da deformación.

-CA2.2. Diagnosticouse o nivel e o tipo de deformación.

-CA2.3. Determinouse o método de reparación en función do tipo de dano.

-CA2.4. Reparáronse deformacións mediante elementos de batido específicos para aceiro.

-CA2.5. Recolleuse o exceso de material mediante aplicación de calor e batido.

-CA2.8. Reparouse a deformación mediante varas, logo de elixir a apropiada ao tipo de deformación.

-CA2.9. Verificouse que o elemento recuperara as formas e as dimensións orixinais.

-CA2.10. Aplicáronse normas de seguridade, de

saúde laboral e de impacto ambiental no proceso de traballo.

-CA3.1. Seleccionáronse os materiais, os equipamentos e os medios necesarios en función da deformación.

-CA3.2. Diagnosticouse o nivel e o tipo de deformación.

-CA3.3. Determinouse o método de reparación en función do tipo de dano.

-CA3.4. Conformáronse deformacións mediante elementos de batido para aluminio, logo de efectuar a temperaxe da superficie.

-CA3.6. Reparouse a deformación utilizando ventosa e martelo de inercia, logo de temperar a superficie

-CA3.9. Verificouse que as operacións realizadas devolvan as formas e as dimensións orixinais.

-CA3.10. Aplicáronse normas de seguridade, saúde laboral e impacto ambiental no proceso de traballo.

-CA1.1. Identificáronse as características, a composición, os tipos e a natureza dos plásticos máis utilizados no automóbil.

-CA1.2. Identificáronse as propiedades dos materiais plásticos e compostos.

-CA1.3. Identificáronse mediante ensaios os tipos de materiais plásticos.

-CA1.4. Identificáronse os materiais plásticos que compoñen un elemento utilizando a simboloxía gravada e microfichas.

-CA1.5. Identificouse o tipo de dano aplicando técnicas de diagnóstico (visual, ao tacto, lixadura, peite de siluetas, etc.).

-CA1.7. Verificouse que o diagnóstico cote a deformación.

-CA2.1. Identificáronse as características e a composición do elemento plástico ou composto que cumpra reparar.

-CA2.2. Seleccionáronse os equipamentos, os medios e os materiais necesarios para efectuar a reparación.

-CA2.3. Interpretouse a documentación técnica e a súa simboloxía asociada para determinar o método de reparación do elemento.

-CA2.4. Determinouse o nivel do dano do elemento.

-CA2.5. Reparáronse deformacións sen rotura en materiais termoplásticos con achega de calor.

-CA2.6. Reparouse un elemento termoplástico mediante soldadura con achega de calor.

-CA2.8. Reparouse un elemento de material termoplástico por pegado estrutural.

-CA2.9. Realizouse a reparación de elementos de fibra mediante resina, catalizador e manta, ata lograr as dimensións da peza.

-CA2.10. Aplicáronse as normas de seguridade laboral e de impacto ambiental.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Avaliación

- A avaliación do alumnado levaráse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza a Xefatura de estudos
- A cualificación será un valor numérico sin decimais comprendido entre 1 e 10
- Para aprobar o alumno ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5. Esta nota, como se especifica nos pesos asociados a cada criterio de avaliación, será dun 60% polas actividades prácticas que realice e o 40% da nota das probas escritas

2. Avaliación final

- A calificación final de cada avaliación, se obterá a partir da suma das mesmas, sempre que estean todas superadas positivamente, máis de 5 puntos sobre 10.
- Para aprobar a avaliación final o alumno deberá ter aprobadas todas as avaliacións, no caso contrario terá que recuperar as partes suspensas.
- A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións.
- Para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións parciais aprobadas.
- * Nas cualificacións do boletín empregárase para redondear a regra xeral do redondeo: cando a parte decimal sexa 5 ou maior considerárase o enteiro superior, tomándose o enteiro inferior no resto dos casos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Avaliación suspensa

- No caso de que un alumno/a suspenda unha avaliación, o alumno/a poderá recuperar esa avaliación na avaliación seguinte.
- Os criterios de avaliación e mínimos esixibles serán os mesmos.
- Actividades de recuperación:

Repetición dos exercicios prácticos non realizados ou non superados durante a avaliación.

Recuperación das probas escritas suspensas da avaliación.

2. Avaliación previa á avaliación final

- Neste caso realizarase un informe individualizado das partes (RAs) que non acadou o alumno. Para recuperar estas partes o alumno deberá realizar os exercicios prácticos e aprobar as probas escritas necesarias para acadar os RA pendentes. A nota calcularase seguindo os mesmos criterios de cualificación.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que acade un número de faltas de asistencia igual ou superior ao 10% da duración total do módulo perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria na data establecida ao final de curso, para superar este módulo.

Esta proba constará de dúas partes, que poderán realizarse en días diferentes:

- parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: elección, resposta curta e/ou de desenvolvemento (máis ou menos amplo) de cuestións relacionadas cos contidos do módulo.

- parte práctica: consistirá na resolución de casos prácticos relacionados cos contidos do módulo.

Ambas partes puntúan sobre 10 e será requisito imprescindible obter unha puntuación mínima de 5 puntos en cada unha delas para obter unha calificación positiva no módulo, a nota final será a media de ambas partes.

Nota: Para ter dereito a realizar a parte práctica e imprescindible ter superado a parte teórica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Cada semana observarase se están cumprindo as expectativas da programación, podendo introducir algunha modificación na temporalización, para poder cumprir os obxectivos do módulo. Iniciarase con actividades sinxelas, encamiñadas a crear unha base sólida de coñecementos no alumnado, e ir incrementando a complexidade en función dos avances observados. Para iso, é imprescindible realizar un seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna.

Farase un seguimento mensual da programación e recolleranse nas actas do departamento.

Farase fincape en:

Análise dos resultados de cada proba, traballo e actividade feita na clase.

Análise dos resultados de cada unha das avaliacións

Análise dos cuestionarios de avaliación da práctica docente cubertos polos alumnos de forma anónima.

Para a avaliación da propia práctica docente terase en conta a enquisa de Satisfacción da labor docente, observando o histórico dos distintos cursos/ciclos e intentando ir solventando as reclamacións indicadas polo alumnado, tentando deste xeito ir mellorando paulatinamente a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial ó comezo do curso, segundo o establecido nos procedementos de calidade recollerase unha ficha de datos do alumnado onde indica a súa procedencia en canto a estudos realizados.

Na correspondente xunta de avaliación inicial cos datos recollidos faise un posta en comun para determinar que tipo de medidas se deben adoptar (de selo caso) tanto no grupo como individualmente para homoxenizar o grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acadar os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceráanse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación

Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor, e na repetición daqueles traballos de taller nos que non acadou o mínimo esixible

Na correspondente xunta de avaliación inicial cos datos recollidos faise un posta en comun para determinar que tipo de medidas se deben adoptar (de selo caso) tanto no grupo como individualmente para homoxenizar o grupo

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento. De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia: Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

Educación para a saúde: neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental ademais das medidas preventivas de risco para a saúde.

Educación para a paz: Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distinción de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais

Educación do consumidor: Tratarase este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista: Identificarase aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas axeitadas.

Educación ambiental: A través da visualización de diferentes documentos reflexionaremos sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.

Educación vial: Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóbiles

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Neste módulo levaranse a cabo solo as previstas polo departamento que sexan de valor para o grupo.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobadas polo Consello Social, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

As visitas técnicas deben de fomentar a relación co contorno productivo e actuar como reforzo as tarefas realizadas na aula procurando un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título